




MATEMÁTICAS E CIDADANÍA FORUM METROPOLITANO Do 18 de febreiro ó 3 de marzo

Parece ser que neste ano *capicúa* que nos tocou vivir as **matemáticas** van ter unha presenza especial na nosa cidade.



Nas instalacións do *Forum Metropolitano* da Coruña vaise desenvolver (entre o 18 de febreiro e o 3 de marzo) un evento de gran importancia para as matemáticas.

¡Dúas semanas enteiras, doce horas cada día! Para xoves e maiores, para estudantes e traballadores, para amigos e inimigos (das matemáticas), para os de ciencias e para os de letras, en días de

diario e en festas de gardar,... ¡NON SE PECHA NIN Á HORA DE XANTAR! (¿Atreveraste a faltar ti?).

Habrá de todo: Exposicións, conferencias, obradoiros, concursos,...

O prato forte do acontecemento será a exposición itinerante *Matemáticas 2000* producida pola *Sociedade Canaria de Profesores de Matemáticas "Isaac Newton"*. En múltiples mesas nas que se prohíbe NON TOCAR poderás disfrutar cun montón de actividades: *xogos do mundo, ilusións e paradoxos, anamorfose, o mundo dos espellos, quebracabezas no plano e no espacio, mosaicos e teselacións, álgebra visual, azar e sondaxes, xeometría cotiá*,...ie outros moitísimos temas!.

O *Club Matemático Durán Loriga* do IES Ramón Otero Pedrayo aportará algún dos seus traballos para este importante acontecemento (icomo íamos "pasar" dunha cousa así!).

¡GRACIAS ÓS ORGANIZADORES POR INVITARNOS!

III Día Escolar das Matemáticas




No ano 2000 (Ano Mundial das Matemáticas) comezou a celebrarse en España o *Día Escolar das Matemáticas*. O obxectivo que se persegue (lonxe de alcanzar polo de agora) é que a comunidade educativa artelle as actividades desa xornada arredor das matemáticas.

Posto que as matemáticas son un modelo de linguaxe que ten relación con practicamente tódalas áreas da vida escolar e cotiá, preténdese que nas distintas materias se reflexione en que medida se necesitan.


O *III Día Escolar das Matemáticas* celebrárase o 12 de maio de 2002 e este ano ten o seguinte tema central: *As Matemáticas de Alicia e Gulliver: o grande e o pequeno*.



O XOGO DAS FORMAS CHINESAS



TANGRAM



PENSAR É DIVERTIDO

Rallye Matemático-2001.
A verdade, se minto

Farruco e Brais din sempre a verdade agás o día do seu aniversario, data na que minten. Onte, 5 marzo, preguntóuselles :

«¿Cal é a data do voso aniversario?»

Farruco respondeu : onte. Brais respondeu: mañá. Pero hoxe 6 de marzo, á mesma pregunta cada un deles respondeu o mesmo que onte.

¿Cal é polo tanto a data de aniversario de cada un?


Olimpiada matemática 2º de ESO 2001.
(Fase de autonómica)

A señora Pepa ten unha pequena leira de forma rectangular á beira da súa casa. Esta leira é tan pequena que só ten 36 m^2 de área. Sabendo que tanto o longo coma o ancho da leira da señora Pepa se expresan en metros utilizando dous números naturais, ¿cales son as posibles dimensións da leira? Para as posibles solucións do problema, ¿cales son as dimensións da leira con menor perímetro?

Se nos desen como dato o perímetro da leira, ¿cales serían as posibles dimensións no caso de ter 36 m de perímetro? (sabendo que as dimensións, expresadas en metros, son dous números naturais) ¿Cales serían, neste caso as dimensións da leira con maior superficie?

Olimpiada matemática 2º de ESO 2001.
(Fase de zona)

No patio do colexio do meu barrio tiñan un espacio de forma rectangular de 7 metros de longo por 4 de ancho. Decidiron construír nel dous foxos circulares nos que botaron area para xogar os nenos de Infantil. A obra realizouse así: Fíxose un corredor de grava de 50 cm de ancho arredor do espacio dispoñible; logo fixéronse os dous foxos iguais o máis grandes posible; entre os foxos e o corredor de grava, sementouse céspede. Velaquí un plano:



Cal é a superficie do terreo que contén céspede?

MATEMÁTICAS NA REDE

<http://galeon.com/jfcano/>


Na páxina que vos presento hoxe poderedes atopar cantidades de enlaces a temas diversos das Matemáticas: biografías de matemáticos, leccións, apuntes, problemas, olimpíadas matemáticas,... e moitas cousas máis. Merece a pena que a visitades. Tamén poderedes atopar xadrez.

Loreto Quintáns Rey , 4ºC



TALES DE MILETO (e II): Teorema de Tales

O teorema de Tales, chamado así na súa memoria, é unha parte fundamental no estudio da semellanza. Unha das súas numerosas aplicacións é a determinación da distancia entre dous puntos inaccesibles entre si. Atribúeselle a Tales o cálculo da altura dunha das pirámides de Exipto sen medila directamente, baseándose na comparación das lonxitudes das sombras que proxectaban a pirámide e o seu bastón.





Como consecuencia do teorema de Tales, pódese enunciar o **teorema fundamental de semellanza de triángulos**:

Toda paralela a un dos lados dun triángulo, divide ós outros dous en segmentos proporcionais, polo que se forma

un triángulo semellante ó primeiro.


O teorema de Tales afirma:

Se tres ou máis paralelas son cortadas por transversais, a razón entre as medidas de dous segmentos calquera determinados por unha transversal será igual á razón das medidas dos segmentos correspondentes da outra, é dicir, son proporcionais.



CRISTINA VILARES SEIJO. 4ºA.

- **Título:** "El país de las Mates para expertos".
- **Autor:** L.C. Norman.
- **Editorial:** Nivola.
- **Páxinas:** 74.
- **Tempo aproximado de lectura:** 2 h e 30 min.
- **Valoración (1-10):** 8.



¿Quen ía pensar que existen libros de matemáticas realmente divertidos? Pois hainos, e eu encontrei un deles.

Trátase dunha historia na que ti es a protagonista e gracias ós teus coñecementos e á túa perspicacia, vas desvelando os enigmas que se che propoñen.

É un libro tan orixinal que nin sequera se le ó dereito, senón que, tendo en conta os problemas que sexas capaz de resolver, irás a unha páxina ou a outra.

É divertido porque os que che propoñen as cuestións son seres extraordinarios ou animais, e as súas preguntas son de realización moi amena. Pero non todo queda aí, senón que tamén vas gañando puntos (ou perdendo) a medida que avanzas. Incluso ten un mapa no que anotas os puntos, os lugares polos que pasas, os personaxes que atopas, etc.

Ademais de todo isto, hai informacións a maiores sobre matemáticos, descubrimentos,... e páxinas que che proporcionan axuda no caso de te atascas.

Partindo da Escura Taberna da Ignorancia, pasas pola Fonte de Fermat, a Porta de Doppler, o xardín de Gauss,... aumentando a dificultade a medida que vas avanzando. Pero é que... ipor algo se chama "El país de las Mates para expertos"!

Se aínda non es dos que se atreven con este libro, inténtao primeiro con "El país de las Mates para novatos".

Finalmente quixera animar a todo o mundo a que o lese, xa que ademais de aprender "mates" (obxectivo primordial do libro), divírteste. Porque se algo o fai especial é o feito de saírse do habitual.

Está recomendado a partir dos 14 anos.

Sara Martínez Bello. 4ºA.


¡ENREDADOS!

Seguramente que os que ollades, máis ou menos asiduamente, este boletín tedes lido reseñas sobre páxinas web dedicadas ás **matemáticas** (algunhas ben interesantes, por certo).

Pois ben, no *IES Ramón Otero Pedrayo* estamos preparando as nosas naves para que voguen por tódolos mares do mundo. E **DOUSPIERRE** vai nese barco.

Dende agora estaremos na rede de tódalas redes. Non esquezas buscar as nosas coordenadas:

<http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/iesroteropedrayo/publicacions.htm>



Busca tamén a revista *A lagarada* do **IES Ramón Otero Pedrayo** nos seguintes enderezos

<http://cce.peda.net/magazines/galego/>

<http://portal.peda.net/port/portal/ipm/magazines/galego>



CONCURSOS

Xogo Europeo da Bolsa.



O *Xogo Europeo da Bolsa* rematou xa a principios do pasado mes de decembro de 2001. Presentámosvos a continuación a clasificación que acadaron os equipos do *IES Ramón Otero Pedrayo*, tanto a nivel interno coma o posto acadado a nivel nacional:

Equipo Clasif. no centro Clasif. Nacional

Wall Street	1	56
The Sixth Sense	2	345
Cuarto E	3	360
Eurochicas	4	455
Cuarto D	5	601

O primeiro equipo clasificado do *IES Ramón Otero Pedrayo*, estivo composto por:

Duarte María Caridad Rodríguez.

Araceli Romarís Rodríguez.

Estefanía Sande Regueiro.

Irene Segade Pampín.

Ana Temperán Galbán.

Laura Varela Silvestre (Coordinadora).

Ximena Vázquez Ortolá.

Tania Vidal López.

Y TÚ, ¿CÓMO LO VES?

III CONCURSO DE NARRACIONES ESCOLARES.

NIVOLA libros y ediciones, S. L. convoca por terceiro ano consecutivo un concurso onde o obxectivo consiste en expresar o punto de vista persoal sobre a obra e a vida dun científico, sobre a súa época histórica, a súa personalidade ou calquera outro aspecto relacionado con el e os seus coetáneos.

O primeiro premio é de 50000 pesetas e un lote de libros valorado noutras 50000. A extensión dos traballos será dun máximo de cinco follas a dobre espacio.

Se queres participar, pídelles as bases ó teu profesor de matemáticas. A data tope para envia-los traballos remata a finais de marzo.